



2025/SUBCC/000012

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 04.06.2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

I.- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DA MODALIDADE DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE TAXI DENOMINADA “COCHE DE PUNTO”, CONSISTENTE EN SERVIZOS DE TAXI COMPARTIDO A VARIAS PERSOAS USUARIAS, CON COBRO INDIVIDUAL POR PRAZA, EN ZONAS DE BAIXA DENSIDADE, CON TRAFICO FEBLE E/OU SEN AS MÍNIMAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE, DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, DURANTE OS ANOS 2026-2029. 2024/SUBCC/000012.

Examinado o expediente de preferencia e vista a proposta do director xeral da área de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 06.05.2026 (CSV 2LP45F2Z0G7HEUCG), do seguinte teor literal:

“De orde do Sr. concelleiro delegado da Área de Mellora Urbana e ao abeiro do artigo 45.2 d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005 (BOP núm. 248, do 28/12/2005), emítase o seguinte informe con proposta de acordo á vista do borrador de bases reguladoras e demais documentación incorporada ao expediente:

1º.- Providencia de inicio e bases da convocatoria: obxecto e importe

En data 11/11/2025, a concellería de goberno da Área de Mellora Urbana ditou unha providencia de inicio que contén a memoria xustificativa do interese do Concello de Pontevedra no establecemento, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións destinadas ao desenvolvemento durante o ano 2025 da modalidade de prestación de servizo de taxi denominada “Coche de Punto”, consistente en servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza, en zonas de baixa densidade, con tráfico feble e/ou sen as mínimas condicións de accesibilidade, do Concello de Pontevedra. Esta modalidade foi habilitada trala entrada en vigor da Ordenanza reguladora do servizo municipal de taxis aprobada polo Pleno deste Concello en sesión do 23/10/2023, (BOP núm. 210 do 31/10/2023. Corrección de erros BOP núm. 226 do 22/11/2023) e pautada nos seus artigos 37, 38 e 44, nos que figura a previsión de que o Concello poderá bonificar ou compensar o servizo para facer efectiva a redución do prezo ás persoas usuarias do taxi compartido, previo cumprimento dos requisitos legais e, tamén, que poderá pór a disposición a aplicación ou plataforma de xestión informática adquirida previamente para a implantación da modalidade do servizo e que permitirá, asemade, o seu seguimento.

Polo tanto, o obxecto e finalidade da convocatoria configúrase coma medida necesaria, a efectos de operatividade e eficiencia, para habilitar unha liña de subvencións a persoas ou entidades que colaboren co Concello no desenvolvemento da modalidade de prestación de servizo e na xestión da súa operativa, coa fin de que o servizo de taxi non sexa discriminatorio e chegue ás referidas zonas rurais.

En definitiva, trátase de colaborar co servizo de taxi, declarado de interese público, para que sexa un servizo de calidade e non discriminatorio para todas as persoas e con prestación axeitada en todo o territorio, incluída a periferia e o rural, para o que se trata de garantir o equilibrio económico ás persoas titulares de licenza de taxi que voluntariamente a presten, coa redución da tarifa da persoa usuaria, para deste xeito facilitar e apoiar a prestación, polas persoas operadoras dos taxis, desta modalidade de precontratación por praza con pagamento individual, destinada a facilitar o desprazamento de ida e volta das persoas entre zonas rurais e periféricas de baixa densidade a hospitais, centros de saúde, residencias,





centros administrativos e, en xeral, aos aos servizos, dotacións e aos polos de atracción da mobilidade.

A convocatoria indicada está prevista no plan estratéxico de subvencións do Concello (2026/PESFICHA/000028), anque cun importe superior (230.000€) e un ano menos (ata o 2028), cuestión que haberá que axustar na próxima modificación ou revisión do PES municipal.

Para o seu financiamento, o Concello de Pontevedra precisa as correspondentes partidas de imputación por importe de 57.500,00€, para a anualidade 2026 e 115.000€ para as sucesivas, cun importe de 402.500€ totais para o período plurianual subvencionable, coa dupla finalidade de, por unha banda, cubrir ou compensar a diferenza entre os ingresos de cada persoa operadora do servizo de taxi suxeitas á tarifa de usuario de coche de punto e o 100% do custe do servizo calculado coas tarifas de equilibrio correspondentes a esta modalidade, debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda para o desenvolvemento e continuidade desta modalidade de servizo; e por outra, a compensación dos custos ou gastos xerais de xestión, ata un importe do 15% do montante total das tarifas de equilibrio e cun máximo de 15.000€.

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, ás que se dirixe a convocatoria deberán desenvolver unha actividade profesional ou obxecto social relacionado co sector do taxi e dispor da capacidade suficiente para coordinar e xestionar esta modalidade de servizo así coma para operar unha central de reservas de taxis no termo municipal do Concello de Pontevedra.

2º.- Competencia municipal

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A liña de subvención que nos ocupa tramítase en exercicio das competencias atribuídas ao Concello de Pontevedra en virtude do disposto nos artigos 25 e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 4/2013.

O artigo 29.2 da Lei 4/2013 e o artigo 39.3 do Decreto 103/2018 habilitan aos Concellos a que, en supostos excepcionais, poidan autorizar a contratación de servizos de taxi por praza con pagamento individual, particularmente para atender zonas de baixa accesibilidade e tráfico feble e a que, por ordenanza municipal, se poida establecer un réxime de autorización municipal para prestar servizos discrecionais de transporte mediante taxi a varias persoas usuarias con cobramento individual por praza nesas zonas, engadindo que “a realización do servizo baixo esta modalidade debe supor para as persoas usuarias unha redución do prezo que lle correspondería pagar de facer a viaxe individualmente cada unha delas...”.

Esta previsión cómpre cohonestala co disposto no artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio, que regula o réxime económico do servizo de taxi e, no que aquí interesa e entre outras determinacións, establece que: “1. La prestación del servicio de taxi está sujeta a un régimen de tarifas obligatorias, que habrán de garantizar la cobertura del coste real del servicio en condiciones normales de productividad y organización y permitirán una adecuada amortización y un razonable beneficio industrial”(…).

Por outra banda, o Real decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, declarou expresamente ao servizo de taxi coma servizo de interese público “sobre el que las administraciones competentes deberán garantizar que se presta un servicio de calidad para todos los usuarios, no discriminatorio y con cobertura de prestación suficiente en todo el territorio” e habilita no seu art. 150 ás entidades locais “en el ejercicio de las competencias que tienen atribuidas, como parte de la planificación y ejecución de sus políticas de movilidad, medidas aplicables a la prestación de cualquier tipo de transporte público de viajeros en vehículos de turismo, acordes con las necesidades y características de cada localidad”.





Con base nas referidas previsións normativas e tal e como quedou dito, o Pleno deste Concello, en sesión do 23/10/2023, aprobou definitivamente unha nova Ordenanza reguladora do servizo municipal de taxis (BOP núm. 210 do 31/10/2023. Corrección de erros BOP núm. 226, do 22/11/2023) que habilita, como prestación complementaria das persoas operadoras de licenzas de taxi, a modalidade de servizo de “coche de punto” e, para o desenvolvemento desta modalidade, mediante resolución do 8/8/2024, asinada polo concelleiro delegado da Área de Mellora Urbana responsable do servizo de taxis, declaraba concluído o expediente administrativo municipal tramitado para a determinación das tarifas do Servizo de Taxi no Concello de Pontevedra na modalidade de “coche de punto”, de prestación de servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza. Posteriormente, mediante resolución do 17/12/2024 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, logo do informe favorable da Comisión de Prezos de Galicia do 17 de decembro do 2024, autorízase a aplicación da seguinte tarifa máxima (IVE incluído) pola prestación do servizo na modalidade “coche de punto: Billete ordinario ou tarifa da persoa usuaria: 2,15€ (IVE incluído)”.

Xa que logo, a vixente ordenanza de taxi habilitou un réxime para prestar o servizo discrecional de taxi compartido e tarifa de cobro individual e fraccionado para cada persoa usuaria, que cómpre bonificar mediante esta liña de subvencións para garantir que o servizo chegue ás zonas rurais e de baixa densidade e cubrir o equilibrio económico da prestación para as persoas con licenza de taxi que, de xeito voluntario e rotatorio o prestasen, sendo a asistencia na xestión da modalidade e da materialización da referida bonificación ou tarifa de equilibrio o obxecto desta liña de subvencións.

Lémbrese que xa o histórico Regulamento de Servizos da Corporacións Locais (Decreto do 17 de xuño de 1955) dispuña que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades sexan complementarios dos atribuídos á competencia local; subvencións que, -actualmente, sométense ao marco xurídico regulador en materia de subvencións.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006, polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

En relación coa competencia municipal para o establecemento da subvención, cómpre subliñar, en primeiro lugar, que segundo establece o artigo 2 da LXS e o artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, son subvencións as disposicións de diñeiro realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, cumprindo os requisitos sinalados nos citados preceptos, que entendemos concorren neste caso, no que se subvenciona un servizo de interese público, polo que non se aprecia inconveniente ningún no establecemento da subvención, no que se refire ao interese e finalidade pública perseguida polo Concello para a concesión destas axudas, ao abeiro do artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), que determina que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

3º.- Trámites realizados

Acreditado o interese e a finalidade pública no establecemento da subvención, pola devandita providencia do concelleiro da Área de Mellora Urbana, responsable do servizo de taxis, dispúxose iniciar o expediente para a aprobación da convocatoria pública de subvención coa finalidade salientada. Por mor desta e





segundo as súas determinacións, redactouse un proxecto das bases reguladoras por parte da xefatura da Oficina Técnica de Mantemento, Residuos, Limpeza e Transporte Público, co apoio desta Dirección Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais e que axuizamos por medio do presente.

Tamén se incorporou ao expediente a correspondente memoria económica e informe dos módulos a aplicar, que contén o informe de sostibilidade financeira, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 50 das de execución do orzamento. Figura tamén incorporado ao procedemento o informe técnico da oficina xestora.

Cóidase que os compromisos asumidos na adquisición da aplicación informática adquirida para o desenvolvemento da modalidade e as razóns de interese público que xustifican a conveniencia e oportunidade para a convocatoria e posterior outorgamento da subvención xustificarían tamén a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, ao abeiro do disposto no artigo 33.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con redución dos prazos do procedemento á metade.

4º.- Réxime de concorrência competitiva: Criterios comparativos das solicitudes

Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrência competitiva, procedemento mediante o que a concesión das subvencións realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas consonte aos criterios de valoración fixados nas bases reguladoras e na convocatoria.

Segundo o borrador das bases, a concesión das axudas realizarase a unha única beneficiaria, logo da comparación das solicitudes presentadas e sen prexuízo de que o servizo nesta modalidade estará aberto a todas as licenzas adheridas individualmente.

Os criterios que servirán para determinar a puntuación e a orde de preferencia consistirán, en primeiro lugar, en comparar o número de formularios de adhesión de titulares de licenzas que voluntariamente se comprometan a prestar a modalidade de coche de punto e que se acheguen coa solicitude, para garantir o desenvolvemento da modalidade.

No caso de empate no criterio de comparación, o criterio de desempate será o da antigüidade da persoa ou entidade no desenvolvemento da súa actividade e a disposición dunha central de reservas nun eido territorial que abranza ao obxecto da prestación.

As bases reguladoras para o outorgamento das subvencións previstas recollen o contido mínimo esixido no artigo 17.3 da LXS, 14 da LXG e no artigo 9 da OXS do Concello, regulando o procedemento para a concesión de axudas recollido nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal de aplicación e, ademais dos criterios de valoración, inclúen entre outras determinacións, a finalidade e obxecto da convocatoria, os requisitos e compromisos da persoa e/ou entidade beneficiaria, a contía máxima da subvención e compatibilidade con outras axudas, requisitos da modalidade ou actividade subvencionable, gastos subvencionables e importe da subvención, órgano instrutor e comisión de valoración, período subvencionable, publicidade, reintegro, réxime sancionador ou do tratamento e protección de datos.

Asemade, as bases regulan o xeito de pagamento e o réxime de xustificación das subvencións propostas, mediante o procedemento de conta xustificativa por módulos prevista no artigo 78 do Real decreto 887/2006, debendo acreditar as beneficiarias das axudas que non teñen débedas tributarias coa facenda estatal, autonómica nin local nin coa Seguridade Social.

5º.- Subvención compensatoria para equilibrio de custos que non constitúe axuda do Estado

O artigo 107, alínea 1, do Tratado da Unión Europea, define as axudas estatais como «as axudas outorgadas polos Estados ou mediante fondos estatais, baixo calquera forma, que falseen ou ameacen





falsear a competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións (...)».

O concepto obxectivo e xurídico de axuda estatal definido directamente polo Tratado e desenvolto nas alíneas 2 e 3 do artigo 107 e polos artigos 108 e 109, foi interpretado mediante “Comunicación de la Comisión relativa al concepto de ayuda estatal conforme a lo dispuesto en el artículo 107, apartado 1, del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea” (DOUE C262 do 19 de xullo de 2016), baseándose na interpretación do TXUE, e que acouta o concepto en base a:

- concorrencia das características de transferencia de recursos públicos dun Estado membro, no seu máis amplo senso, que incluírá as subvencións,
- constituír unha vantaxe económica especial que non se obtería sen intervención pública,
- carácter selectivo ou de discriminación positiva ou trato diferenciado positivo ou que diferencia axuda de Estado das denominadas “medidas generales” accesibles a todos os axentes económicos, ou
- afectar negativamente á competencia e aos intercambios comerciais entre os Estados membros.

Arbítrase tamén na normativa un control pola comisión, cun sistema de comunicación previa (art. 108.3 do TUE desenvolto polo Real decreto 1755/1987, do 23 de decembro, polo que se regula o procedemento de comunicación á Comisión das Comunidades Europeas dos proxectos das Administracións ou Entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas), cunha exención de notificación para os denominados “MINIMIS”, que hoxe se contén nos Regulamentos (UE) 2023/2831 e 2023/2832 da Comisión, de 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de “MINIMIS”, que anteriormente estaban reguladas no Regulamento (UE) 2015/1588, do Consello, Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, Regulamento (UE) 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, do sector agrícola (DOUE L 352/9, de 24.12.2013), Regulamento (UE) 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, sector da pesca e da acuicultura, Regulamento (UE) 360/2012 de la Comisión, de 25 de abril de 2012, servizos de interese económico xeral, xunto con outras excepcións que se conteñen en regulamentos da Comisión coma o Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño do 2014, Regulamento (UE) 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014 ou no Regulamento (UE) 1388/2014 da Comisión do 16 de decembro de 2014.

A liña de axudas proposta propónse coadjuvar a facer efectivo o dereito á mobilidade, á cidade e o acceso ás infraestruturas e equipamentos das persoas que viven no rural e na periferia aos que non chega o transporte público. Este Concello, dentro da aposta por novos xeitos e modalidades de mobilidade máis sostibles e respectuosas co medio ambiente e de transporte a demanda, acadou a aprobación en concorrencia, dentro do marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado, dunha liña de actuación para o programa de “implantación dun modelo de transporte colectivo á demanda mediante vehículos de baixa capacidade”; proxecto financiado a través dos fondos FEDER 2014-2020, por decisión do Ministerio de Facenda, ao respecto do que consta o compromiso expreso da Xunta de Galicia, recollido no convenio asinado para a implantación do SIMU, de “Cooperar co Concello de Pontevedra no proceso de posta en marcha de servizos de transporte a demanda en vehículos de baixa capacidade, a través da modificación da ordenanza correspondente”.

Así as cousas, formulouse consulta municipal sobre posibilidade de facilitar a mobilidade nas zonas de baixa densidade e tráfico feble da periferia e rural sobre a base dun servizo discrecional de taxi compartido, mediante un sistema de chamada previa e bonificación do prezo por parte do propio Concello, contestada mediante informe de data 10/03/2022 da Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que avala a iniciativa municipal e no que como conclusión sinala:

“(…) infórmase que consonte coa normativa vixente, considerase viable a regulación a través de ordenanza municipal, e posterior establecemento, dun servizo de transporte público en vehículos de turismo, taxi, que opere baixo demanda das persoas usuarias, no que se realice a contratación individual por prazo co





pagamento dunha tarifa plana inferior ca que correspondería pola contratación do vehículo completo”.

No referido informe aválase a implantación proposta para o “coche de punto” e sinálase textualmente que “(...) cómpre ter en conta que a propia regulación destes supostos de cobramento individual a través da ordenanza municipal, debe garantir que o prezo que deberá pagar a persoa usuaria sexa inferior ao que lles correspondería pagar de facer a viaxe individualmente, coa reserva do vehículo completo, por tanto. Neste sentido, a fixación dunha tarifa fixa a pagar pola persoa usuaria, sempre que resulte inferior á que correspondería polo alugueiro completo do vehículo, pode ser un mecanismo viable para o cumprimento e garantía da esixencia regulamentaria, sen que o anterior se deba ver desvirtuado pola previsión por parte do propio concello dun complemento ao titular profesional da actividade profesional por esta actividade.”

Apúntase no referido informe a xustificación desta liña de actuacións no eido do informe da Comisión de Desenvolvemento Rexional do 16/12/2021, sobre os retos das zonas urbanas despois da pandemia de COVID-19 (2021-2075 (INI)) así coma na na Comunicación da Comisión sobre un transporte local de pasaxeiros baixo demanda que funcione correctamente e sexa sostible (taxis e VTC) (2022/C 62/01)

No amentado informe do Parlamento, ínstase aos estados a que realicen inversións que promovan a mobilidade urbana sostible a nivel local e rexional e que fagan efectivo o dereito á mobilidade de todas as persoas e ás autoridade locais que adapten e reformen o transporte público, tendo en conta as características específicas de cada territorio, “con el fin de garantizar opciones de desplazamiento inteligentes, accesibles, interoperables, competitivas, asequibles, seguras, saludables y sostenibles desde un punto de vista medioambiental y completar el transporte con servicios de transporte bajo demanda y compartidos (...)”

Na comunicación da Comisión recóllense “Recomendacións sobre a integración co transporte público e a mobilidade activas”, perfectamente aliñadas coa política de mobilidade municipal e esta liña de axudas “— El transporte de pasajeros bajo demanda debe integrarse adecuadamente con el transporte público y la movilidad activa”, “(...) Es de suma importancia que el transporte de pasajeros bajo demanda, ya sea a través de taxis o VTC, complemente el transporte público (por ejemplo, metros, autobuses, tranvías) y las formas activas de movilidad (como los desplazamientos a pie o en bicicleta) y no se convierta en un mero sustituto de estos. Para lograr una integración óptima, debe formar parte del plan de movilidad urbana sostenible (PMUS) local elaborado de conformidad con las directrices europeas”. “(...) La adopción de medidas para mejorar la integración con el transporte público podría constituir una forma de avanzar, por ejemplo, apoyando soluciones de «movilidad como servicio»”.

En consecuencia, non se considera que a liña de subvencións constituía unha axuda estatal que poida falsear ou ameazar a competencia, favorecendo a determinadas empresas, xa que malia concorrencia das características de transferencia de recursos públicos no seu máis amplo senso, (subvencións), realmente non constitúe propiamente unha vantaxe económica especial que non se obtería sen intervención pública, senón que se trata de facer chegar as tarifas de equilibrio que garantan a exixencia normativa que impón que a prestación do servizo de taxi estea suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custe real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industria e, asemade, compensar os gastos indirectos de xestión da modalidade, sen que teñan carácter selectivo ou de discriminación positiva ou trato diferenciado positivo, senón que, pola contra, están abertas a todas as persoas titulares de licenzas de taxi e non afectan negativamente á competencia e aos intercambios comerciais entre os Estados membros senón que se aliñan coas xustificacións, obrigas e recomendacións das autoridades da Unión Europea.

En todo caso e dado que a contía máxima do importe das tarifas de equilibrio que poderá recibir cada persoa operadora adherida non pode superar os 14.000€ por período anual subvencionado e que a compensación polos gastos indirectos para cubrir os custos de xestión necesarios para o desenvolvemento da actividade está limitada aos 15.000€ anuais, de se considerar a concorrencia dun suposto de axuda estatal estaría dentro das exencións pola normativa reguladora dos “MINIMIS.”





6º.- Subvención plurianual

O artigo 57 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pauta a posibilidade de autorizarse a convocatoria de subvención cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel no que recaiga a resolución de concesión establecendo os seguintes requisitos:

2. En la convocatoria deberá indicarse la cuantía total máxima a conceder, así como su distribución por anualidades, dentro de los límites fijados en el artículo 47 de la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria, atendiendo al momento en que se prevea realizar el gasto derivado de las subvenciones que se concedan. Dicha distribución tendrá carácter estimado cuando las normas reguladoras hayan contemplado la posibilidad de los solicitantes de optar por el pago anticipado. La modificación de la distribución inicialmente aprobada requerirá la tramitación del correspondiente expediente de reajuste de anualidades.

3. Cuando se haya previsto expresamente en la normativa reguladora la posibilidad de efectuar pagos a cuenta, en la resolución de concesión de una subvención plurianual se señalará la distribución por anualidades de la cuantía atendiendo al ritmo de ejecución de la acción subvencionada. La imputación a cada ejercicio se realizará previa aportación de la justificación equivalente a la cuantía que corresponda. La alteración del calendario de ejecución acordado en la resolución se regirá por lo dispuesto en el artículo 64 de este Reglamento”.

Esta regulación das subvencións pluriauais é semellante á contida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No que atinxe á vixente Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, (BOPPO núm. 90 do 30/09/2004, prevé para o caso de convenios de colaboracións que canleen subvencións que a súa duración non poderá ser superior a catro (4) anos, podendo establecerse prórrogas sen que en ningún caso a duración total sexa superior a seis (6) anos, debendo remitirnos tamén ao establecido ao disposto ao efecto nas Bases de Execución do Orzamento aprobado.

7º.- Trámites sucesivos

Consonte o establecido nos artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, do 5 de marzo, tralo informe do servizo xestor emitiu informe a Intervención Xeral Municipal e o OXOC.

8º.- Competencia

Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación das bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrência competitiva correspóndelle ao alcalde cando o importe da convocatoria non exceda de 12.020,24€ e da Xunta de Goberno Local se o supera.

Conclusión:

A implantación e continuidade da modalidade de coche de punto pretende facer efectivo o dereito á mobilidade sostible plasmado no artigo 4 da Lei 9/2025, de mobilidade sostible e normativa europea citada, e configúrase como unha evolución lóxica do servizo do taxi, en vehículos turismos de baixa capacidade e con rutas non regulares e adaptábeis á demanda dispersa do rural e de baixa recorrencia e densidade, tratándose as presentes bases da imprescindible implementación dunha acción de fomento pública compensatoria mediante o financiamento parcial do custe das viaxes, en concreto das tarifas de equilibrio, por considerar que a modalidade cubre un servizo de interese público e social que mellora o medio ambiente e que cumpre as exixencia tarifarias normativas, sen representar nin constituír axuda de estado.

Á vista da fundamentación xurídica exposta e, unha vez emitido informe favorable ao expediente pola Intervención Xeral/OXOC, a Xunta de Goberno Local, se o considera procedente, poderá acordar o seguinte, acordo:





Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública para a concesión de subvención, polo procedemento de concorrència competitiva, destinadas ao desenvolvemento da modalidade de prestación de servizo de taxi denominada “Coche de Punto”, consistente en servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza, en zonas de baixa densidade, con trafico feble e/ou sen as mínimas condicións de accesibilidade do Concello de Pontevedra durante os anos 2026-2029, incluída aprobación do compromiso do gasto plurianual proposto por un importe total no período de 402,500€, distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe máximo
2026	57.500€
2027	115.000€
2028	115.000€
2029	115.000€
Total	402.500€

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe de 57.500€, con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinale polo Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

Terceiro.- Aprobar as bases polas que se rexerá a convocatoria de concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas ao desenvolvemento da modalidade de prestación de servizo de taxi denominada “Coche de Punto”, consistente en servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza, en zonas de baixa densidade, con trafico feble e/ou sen as mínimas condicións de accesibilidade, do Concello de Pontevedra para os anos 2026-2029, bases específicas que se conteñen no documento con csv QF790DBIUQMCRWYB.”

Á vista do exposto e dos informes que se achegan ao expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a proposta anteriormente transcrita, dispoñendo que nas bases que se publiquen se faga constar a aplicación orzamentaria.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

